



INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	5 de xuño de 2015.
ASUNTO:	PROPOSTA DE PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A XESTIÓN DA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Vista a proposta de prórroga da contratación administrativa para a a xestión da produción audiovisual do Parlamento de Galicia efectuada pola Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior con data 5 de xuño de 2015, e que se une ao presente informe.

Tendo en conta que tanto na cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas desa contratación, coma no contrato formalizado entre o Parlamento de Galicia e a empresa Spica S. L. con data trinta de setembro de dous mil catorce, está prevista a posibilidade de que o contrato poida ser prorrogado pola Mesa do Parlamento ata un máximo dun ano máis, infórmase que a referida proposta axústase á legalidade vixente, debendo constar no expediente as razóns de interese público que determinan a conveniencia e necesidade de efectuar tal prórroga.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2015

A letrada

María Aneiros González

Proposta de prórroga do contrato administrativo para a xestión da produción audiovisual do Parlamento de Galicia

O 2 de xuño de 2015 a empresa Spica, S.L., presentou escrito no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia (núm. 37648) solicitando a prórroga do contrato do servizo para a xestión da produción audiovisual do Parlamento asinado con data de 30 de setembro de 2014.

A posibilidade da prórroga preveuse expresamente no prego de cláusulas administrativa desta contratación e tívose no seu momento en conta para a elección do procedemento de adjudicación; no caso de se producir a prórroga do contrato, as súas características permaneceran inalterables durante toda a súa duración.

A cláusula cuarta do contrato establece que a duración do contrato é dun ano a partir do día seguinte á data da súa formalización e prevé que a súa vixencia poderá ser prorrogada polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo doutro ano máis.

Segundo manifesta o xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información, é fundamental a renovación do contrato, e informa favorablemente a súa prórroga.

Dado que a prestación obxecto do contrato se esta realizando con normalidade e seguen vixentes tanto a necesidade que se pretendía cubrir co contrato como as razóns de interese público que xustificaron o inicio deste expediente de contratación,

proponse á Mesa do Parlamento de Galicia a adopción do Acordo de prorrogar o contrato para a xestión da produción audiovisual do Parlamento de Galicia, asinado con Spica, S.L., ata o 30 de setembro de 2016.

Santiago de Compostela 4 de xuño de 2015.



Vº e prace
O Letrado Oficial Maior
Xosé Antón Sarmiento Méndez



Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior